

GUÍA DE  
METODOLOGÍAS  
DOCENTES  
E SISTEMAS DE  
AVALIACIÓN

VERSIÓN 02

### *Histórico de evolucións*

Índice	Redacción	Aprobación (Data)	Motivo das principais modificacións
00	Área de Calidade Área de Innovación Educativa	Comisión Académica de Calidade (19/12/2017)	Aprobación inicial
01	Área de Calidade Área de Innovación Educativa	Comisión Académica de Calidade (28/02/2019)	Modificación para adaptar algúns sistemas de avaliación e metodoloxías segundo as necesidades detectadas
02	Área de Calidade e Área de Formación e Innovación Educativa	Comisión de Calidade (24/07/2020)	Modificación para adaptar e incluír algúns sistemas de avaliación e metodoloxías segundo as necesidades detectadas

# Índice

<b>1.- Introducción.....</b>	<b>5</b>
<b>2.- Metodoloxías docentes .....</b>	<b>6</b>
2.1.- Clasificación das metodoloxías docentes.....	6
A.- Actividades introductorias.....	6
B.- Actividades teóricas .....	6
C.- Actividades prácticas .....	7
D. Metodoloxías integradas .....	7
<b>3.- Sistemas de avaliación .....</b>	<b>9</b>
3.1.- Clasificación dos sistemas de avaliación.....	9
3.A. Probas específicas.....	9
3.B. Prácticas de execución de tarefas reais ou simulacións .....	9
3.C. Análise das producións do alumnado .....	9
3.D. Intercambios orais .....	10
3.E. Autoavaliación .....	10
3.F. Observación sistemática .....	10
<b>4.- Definición das metodoloxías docentes.....</b>	<b>11</b>
4.A. Actividades Introdutorias .....	11
4.A.1. Actividades introductorias.....	11
4.B. Actividades Teóricas.....	11
4.B.1. Lección maxistral.....	11
4.B.2. Eventos científicos.....	12
4.B.3. Instrucións programadas.....	12
4.C.1. Actividades Prácticas Guiadas .....	12
4.C.1.1 Resolución de problemas.....	12
4.C.1.2. Presentación.....	13
4.C.1.3. Estudo de casos.....	13
4.C.1.4. Debate.....	14
4.C.1.5. Seminario.....	14
4.C.1.6. Obradoiro.....	14
4.C.1.7. Prácticas con apoio das TICs.....	15
4.C.1.8. Prácticas de laboratorio.....	15
4.C.1.9. Saídas de estudo .....	16
4.C.1.10. Prácticas de campo .....	16
4.C.1.11. Prácticum, Prácticas externas e clínicas.....	17
4.C.1.12. Simulación.....	17
4.C.2. Actividades prácticas autónomas .....	18
4.C.2.1. Estudo previo .....	18

4.C.2.2. Traballo tutelado .....	18
4.C.2.3. Resolución de problemas de forma autónoma.....	18
4.C.2.4. Foros de discusión .....	19
4.D. Metodoloxías integradas.....	19
4.D.1. Aprendizaxe colaborativa .....	19
4.D.2. Aprendizaxe baseada en proxectos.....	20
4.D.3. Cartafol/dossier.....	20
4.D.4. Aprendizaxe-servizo.....	21
4.D.5. Metodoloxías baseadas na investigación.....	21
4.D.6. Design thinking.....	22
4.D.7. Flipped Learning.....	22
4.D.8. Gamificación .....	22
<b>5.- Definición dos sistemas de avaliación.....</b>	<b>24</b>
5.A. Probas Específicas .....	24
5.A.1. Exame de preguntas obxectivas.....	24
5.A.2. Exame de preguntas de desenvolvemento.....	24
5.A.3. Exame oral .....	24
5.A.4. Resolución de problemas e/ou exercicios .....	25
5.A.5. Estudo de casos.....	25
5.B. Prácticas de execución de tarefas reais ou simulacións.....	26
5.B.1. Práctica de laboratorio.....	26
5.B.2. Simulacións e Role Playing .....	26
5.C. Análise das producións do alumnado.....	26
5.C.1. Traballo .....	26
5.C.2. Informe de prácticum, prácticas e prácticas externas.....	27
5.C.3. Proxecto.....	27
5.C.4. Cartafol/dossier.....	28
5.D. Intercambios Oraís.....	28
5.D.1. Presentación .....	28
5.D.2. Debate .....	28
5.E. Autoavaliación .....	29
5.E.1. Autoavaliación .....	29
5.F. Observación Sistemática .....	29
5.F.1. Observación sistemática .....	29
<b>6.-Glosario de termos: .....</b>	<b>31</b>
<b>Anexos.....</b>	<b>32</b>
ANEXO I: RESULTADOS DE APRENDIZAXE.....	32
ANEXO II: COMPETENCIAS XERAIS.....	33

# 1.- Introducción

Esta guía ten como obxectivo ser un documento de axuda e colaboración para o profesorado da Universidade de Vigo na planificación docente e na realización das guías docentes das súas materias ofrecendo unha clasificación e unha descrición das metodoloxías docentes e sistemas de avaliación existentes.

Pretende ter un carácter integrador xa que as diferentes actividades non son exclusivas dun só ámbito ou titulación. Non obstante, a proposta poderíase adaptar e estender en función das características da titulación, xa que poden precisar dalgunha metodoloxía que non figura explicitamente nesta guía.

Esta guía tamén está dirixida ás comisións redactoras dos títulos, para axudarlles na redacción das Memorias de Verificación das novas propostas de títulos e das súas modificacións. Adaptarase a plataforma Docnet, de elaboración das guías docentes, ó establecido neste documento.

Esta guía estrutúrase en 5 bloques. O primeiro bloque é unha breve introdución, no segundo bloque hai unha clasificación das metodoloxías docentes, no terceiro bloque hai unha clasificación dos sistemas de avaliación. Nos bloques catro e cinco descríbense as distintas metodoloxías e sistemas de avaliación indicando as recomendacións para a súa utilización.

A clasificación das metodoloxías e sistemas de avaliación realizouse consonte a unha descrición conceptual e sistemática, e pretende funcionar como unha ferramenta que favoreza un uso xeneralizado e claro destes termos.

## 2.- Metodoloxías docentes

As metodoloxías docentes son a aplicación do conxunto de estratexias e métodos de ensino e aprendizaxe que orientan a actuación docente para que o/a estudante aprenda de xeito integral, facendo que as actividades, ou recursos e as ferramentas, a contorna e a avaliación sexa coherentes con unha aproximación didáctica.

As metodoloxías docentes non son exclúentes entre si, na mesma materia poden coexistir varias metodoloxías, aínda que é recomendable que non haxa máis de catro metodoloxías docentes por materia.

A metodoloxía docente é o que da coherencia ao conxunto das actividades de aprendizaxe que se levan a cabo nunha materia.

### 2.1.- Clasificación das metodoloxías docentes

As metodoloxías agrúpanse en 5 apartados:

- A. Actividades introdutorias
- B. Actividades teóricas
- C. Actividades prácticas
  - C.1. Actividades prácticas guiadas
  - C.2. Actividades prácticas autónomas
- D. Metodoloxías docentes integradas

A continuación descríbense de xeito breve os apartados das metodoloxías.

#### A.- Actividades introdutorias

Estas actividades están encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Estas actividades agrupadas baixo esta epígrafe teñen dous obxectivos:

- Dunha banda inclúense aquelas actividades encamiñadas a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado:
  - o Detectar os coñecementos previos do alumnado para recoñecer as posibles dificultades de seguimento e corrixir as formulacións erróneas.
  - o Descubrir intereses e motivacións do alumnado.
- Da outra, recóllense actividades que lle presentan a materia ao alumnado co fin de:
  - o Transmitir os obxectivos que se perseguen.
  - o Detallar os contidos que se traballarán.
  - o Explicar a metodoloxía/s que se utilizará/n na materia.
  - o Enumerar e aclarar os criterios de avaliación.

#### B.- Actividades teóricas

Nestas actividades predomina a transmisión de forma expositiva de coñecementos sobre un determinado ámbito profesional. Nelas trabállanse fundamentalmente o saber (competencia cognoscitiva) e en menor medida outros saberes (saber facer, saber ser e saber estar). O profesorado desempeña un papel eminentemente activo, mentres que o alumnado ten unha función máis pasiva

Os tipos de metodoloxías teóricas son:

- [B.1. Lección maxistral.](#)
- [B.2. Eventos científicos.](#)
- [B.3. Instrución programada](#)

Estas metodoloxías describíranse máis detalladamente no bloque de definición de metodoloxías docentes

## C.- Actividades prácticas

Nestas actividades predomina a acción, relación e consolidación de coñecementos. Estas actividades teñen como obxectivo traballar formalmente o saber facer (competencia procedemental). Non obstante, ao igual que coas actividades teóricas, é preciso ter en conta que tamén traballan o saber, o saber ser e o saber estar.

Nestas dinámicas o alumnado adopta un papel fundamentalmente activo, é dicir, actúa, pon en práctica, resolve problemas e casos, colabora etc.

A continuación, as metodoloxías clasifícanse en función da presenza ou ausencia do profesorado á hora de levar a cabo as actividades.

As actividades prácticas se dividen en dous categorías::

- C.1 Actividades prácticas guiadas
- C.2 Actividades prácticas autónomas

### C.1. Actividades prácticas guiadas

No desenvolvemento destas actividades é necesario que o/a docente ou outra figura guíe/oriente ao alumnado durante as actividades. Poden desenvolverse dentro do ámbito universitario, é dicir, en aula ordinaria, na aula de informática, nos laboratorios etc. e tamén fóra do ámbito universitario (museos, empresas, xulgados, hospitais, escolas, fundacións sen ánimo de lucro, ONG etc.). Nestes casos o novo ámbito entenderase como unha prolongación da universidade. Os tipos de actividades prácticas guiadas son:

- [C1.1. Resolución de problemas](#)
- [C1.2. Presentación](#)
- [C1.3. Estudo de casos](#)
- [C1.4. Debate](#)
- [C1.5. Seminario](#)
- [C1.6. Obradoiro](#)
- [C1.7. Prácticas con apoio das TICs](#)
- [C1.8. Prácticas de laboratorio](#)
- [C1.9. Saídas de estudo](#)
- [C1.10. Prácticas de campo](#)
- [C1.11. Prácticum, Practicas externas e clínicas](#)
- [C1.12. Simulación](#)

Estas metodoloxías describíranse máis detalladamente no bloque de definición de metodoloxías docentes

### C.2. Traballo autónomo

Estas actividades están relacionadas coa aprendizaxe autónoma do alumnado.

O alumnado realiza unha serie de accións de forma autónoma, sen a presenza do/a docente, nun ámbito académico ou nunha contorna externa non académica. Os tipos de actividades prácticas autónomas son:

- [C.2.1. Estudo previo](#)
- [C.2.2. Traballo tutelado](#)
- [C.2.3. Resolución de problemas de forma autónoma](#)
- [C.2.4. Foros de discusión](#)

Estas metodoloxías describíranse máis detalladamente no bloque de definición de metodoloxías docentes

## D. Metodoloxías integradas

Estas metodoloxías engloban un conxunto de actividades que se abordarían dun xeito separado desde unha perspectiva tradicional. Posúen unha especial relevancia para a formación de competencias. As competencias son saberes complexos que se teñen que traballar con metodoloxías multidimensionais.

As metodoloxías integradas recollen compoñentes de conxunto, de acción, de traballo cooperativo, de atención personalizada, de avaliación continua... En definitiva, o seu enunciado implica a secuencia estruturada de procesos básicos de proceso de ensino-aprendizaxe e, debido á súa complexidade, sería recomendable unha formación que permita desenvolverlos de xeito sistemático e estruturado.

Os tipos de metodoloxías integradas son.

- [D.1. Aprendizaxe colaborativa](#)
- [D.2. Aprendizaxe baseada en proxectos](#)
- [D.3. Cartafol/dossier](#)
- [D.4. Aprendizaxe-servizo](#)
- [D.5. Metodoloxías baseadas na investigación](#)
- [D.6. Design thinking](#)
- [D.7. Flipped Learning](#)
- [D.8. Gamificación](#)

Estas metodoloxías describíranse máis detalladamente no bloque de definición de metodoloxías docentes

## 3.- Sistemas de avaliación

A avaliación das competencias adquiridas polo alumando é unha das principais actividades do docente no desenvolvemento da súa actividade docente, e consiste na aplicación de diferentes métodos, técnicas e ferramentas para obter información sobre a aprendizaxe do alumnado e aplicar uns criterios para emitir un xuízo sobre a aprendizaxe do alumnado.

### 3.1.- Clasificación dos sistemas de avaliación

Os sistemas de avaliación agrúpanse en 6 apartados:

- A. Probas específicas:
- B. Prácticas de execución de tarefas reais ou simulacións
- C. Análise das producións do alumnado
- D. Intercambios orais
- E. Autoavaliación
- F. Observación sistemática

A continuación descríbense de xeito breve as agrupacións dos sistemas de avaliación.

#### 3.A. Probas específicas

Son probas concretas para avaliar un determinado coñecemento. Dentro delas atópanse os diferentes tipos de exames (con preguntas de corrección obxectiva e os de desenvolvemento, a resolución de casos e o estudo de casos).

- [A.1. Exame de preguntas obxectivas](#)
- [A.2. Exame de preguntas de desenvolvemento](#)
- [A.3. Exame oral](#)
- [A.4. Resolución de problemas e/ou exercicios](#)
- [A.5. Estudo de casos](#)

Estes sistemas de avaliación describíranse máis detalladamente no bloque de definición de sistemas de avaliación.

#### 3.B. Prácticas de execución de tarefas reais ou simulacións

Son probas nas que se avaliará o desempeño do alumnado sobre a base dos coñecementos amosados, o comportamento, organización e planificación durante a práctica, reflexión sobre os resultados obtidos...

- [B.1. Práctica de laboratorio](#)
- [B.2. Simulación ou Role playing](#)

Estes sistemas de avaliación describíranse máis detalladamente no bloque de definición de sistemas de avaliación.

#### 3.C. Análise das producións do alumnado

Son produtos académicos que o alumnado desenvolveu para acadar os resultados de aprendizaxe.

- C.1. Traballo
- C.2. Informe de prácticum, prácticas e prácticas externas
- C.3. Proxecto
- C.4. Cartafol/dossier

Estes sistemas de avaliación describíranse máis detalladamente no bloque de definición de sistemas de avaliación.

### **3.D. Intercambios orais**

Producións orais do alumnado en relación a un tema, proxecto, traballo... Como procedemento de avaliación debe ter unha axeitada planificación, concretando a finalidade do obxecto, o instrumento de rexistros e codificación e as claves de interpretación.

- [D.1. Presentación](#)
- [D.2. Debate](#)

Estes sistemas de avaliación describíranse máis detalladamente no bloque de definición de sistemas de avaliación.

### **3.E. Autoavaliación**

Análise crítica que fai o propio/a estudante para valorar o seu nivel de dominio nunha competencia.

- [E.1. Autoavaliación](#)

### **3.F. Observación sistemática**

É un dos recursos máis valiosos cos que conta o profesorado para recoller información de maneira grupal ou persoal dentro ou fóra da aula. Emprégase de xeito intencional. Por medio da observación é posible valorar aprendizaxes, accións e actitudes.

- [F.1 Observación sistemática](#)

## 4.- Definición das metodoloxías docentes

### 4.A. Actividades Introdutorias

#### 4.A.1. Actividades introdutorias

**Descrición:**

Actividades encamiñadas a tomar contacto e a recoller información sobre o alumnado no que atinxe ós coñecementos previos da materia, intereses e motivacións.

Presentación da materia: obxectivos, metodoloxía docente, actividades de aprendizaxe, sistemas e criterios de avaliación...

**Obxectivos:**

- Detectar as posibles dificultades de seguimento do alumnado.
- Corrixir coñecementos errados.
- Comunicar que se pretende atinxir coa materia (comunicar os obxectivos perseguidos, nomear os contidos, explicar a metodoloxía, aclarar os criterios de avaliación...).

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación de actividades que facilitarán a información sobre o alumnado.
- Preparación da materia para poder sintetizala na guía docente.
- Comunicarlle ao alumnado o desenvolvemento da materia.

**Tarefas do alumno/a:**

- Participar nas actividades, facilitando información ao profesorado.
- Escoitar e entender que se esixirá durante o desenvolvemento da materia.

**Observacións**

É recomendable realizala de forma guiada ao comezo da docencia da materia

### 4.B. Actividades Teóricas

#### 4.B.1. Lección maxistral

**Descrición:**

- Exposición por parte do profesor/a dos contidos da materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver
- Relacionar os novos conceptos coas sesións anteriores.
- Resaltar as ideas principais.
- Explicar os contidos de xeito ordenado e estruturado.
- Incluír exemplos de actualidade, reais etc.

Pode ir dende a exposición teórica dun concepto ou bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que o/a estudante desenvolva, ata a resolución dun problema.

**Obxectivos:**

- Comunicar coñecementos.

**Tarefas do/a docente:**

- Planificación da sesión expositiva, organización do posible material de apoio e realización da sesión.
- As sesións maxistras tamén poden ser levadas a cabo por expertos/as ou polo alumnado.

**Tarefas do alumno/a:**

- Participar na sesión (tomar apuntamentos, formular/contestar preguntas...).

**Observacións**

É recomendable realizala de forma guiada nun grupo grande, aínda que outras opcións son válidas.

## 4.B.2. Eventos científicos

### Descrición:

- Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
- Exemplos: xornadas, coloquios, conferencias, congresos, mesas redondas, concertos, proxección de películas...

### Obxectivos:

- Comunicar e afondar en determinados coñecementos dos distintos ámbitos.

### Tarefas do/a docente:

- Informar o alumnado dos actos.
- Realizar a retroalimentación se for requirido un traballo sobre o acto.

### Tarefas do alumno/a:

- escoitar e participar das xornadas e exposicións.
- Pódese redactar un traballo con conclusións.

### Observacións

É recomendable realizala para un grupo grande e para a exposición de contidos teóricos.

## 4.B.3. Instrucións programadas

### Descrición:

Consiste na presentación dunha materia dividida en varias unidades didácticas, de menor tamaño, con cuestións ao finalizar cada unidade didáctica co fin de afianzar o coñecemento adquirido. Estas actividades pódense realizar de xeito presencial ou virtual

### Obxectivos:

- Comunicar e afianzar en determinados coñecementos.

### Tarefas do/a docente:

- Desenvolver o material docente da materia.
- Realizar correccións ao material.
- Control da velocidade de aprendizaxe do alumnado

### Tarefas do alumno/a:

- escoitar as unidades didácticas.
- Realizar as cuestións ao finalizar cada unidade didáctica.
- Verificación das cuestións que proporciona retroalimentación inmediata

### Observacións

É recomendable utilizala para actividades non presenciais e naqueles casos nos que sexa esencial afianzar determinados coñecementos.

## 4.C.1. Actividades Prácticas Guiadas

### 4.C.1.1 Resolución de problemas

#### Descrición:

Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.

#### Obxectivos:

- Reflexionar e relacionar teoría e práctica.
- Introducir novos conceptos e integralos cos antigos.
- Consolidar coñecementos.

**Tarefas do/a docente:**

- Organizar e propoñer unha serie de problemas ou exercicios.
- Elaborar e proporcionar un guión que oriente a análise e centre os puntos de interese para a posterior discusión (material de apoio).
- Corrixir e proporcionarlle retroalimentación ao alumnado sobre o proceso e os resultados da actividades proposta.

**Tarefas do alumno/a:**

- Resolver o problema ou exercicio proposto polo/a docente: desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, aplicar fórmulas ou algoritmos, aplicar procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados...

**Observacións**

Recoméndase a esta metodoloxía para consolidar coñecementos e para relacionar conceptos teóricos e aplicacións prácticas

**4.C.1.2. Presentación****Descrición:**

Exposición por parte do alumnado, de maneira individual ou en grupo, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...

Exemplo: presentación de resultados acompañada de infografías dun traballo de clase.

**Obxectivos:**

- Comunicar coñecementos.
- Avaliar coñecementos.
- Desenvolver competencias transversais.

**Tarefas do/a docente:**

- Realizar un seguimento da evolución do traballo e axudar o alumnado na preparación da presentación/exposición.

**Tarefas do alumno/a:**

- Expoñer o traballo con medios audiovisuais
- Defender publicamente o seu traballo, é dicir, debe responder as preguntas, comentarios ou críticas dos seus compañeiros/as e/ou do/a docente.
- Poderá explicar, a modo de conclusión, os problemas que tivo durante a elaboración do traballo.

**Observacións**

Recoméndase realizar esta metodoloxía nunha sala con medios audiovisuais.

**4.C.1.3. Estudo de casos****Descrición:**

Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

**Obxectivos:**

- Traballar e consolidar coñecementos.
- Poñer en dúbida os coñecementos propios.
- Desenvolver competencias e habilidades transversais.

**Tarefas do/a docente:**

- Propoñer unha serie de casos e situacións.
- Elaborar e proporcionar un guión que oriente a análise e centre os puntos de interese para a posterior discusión (material de apoio).
- Corrixir e proporcionarlle retroalimentación ao alumnado sobre o proceso e os resultados

das actividades proposta.

**Tarefas do alumno/a:**

- O alumnado deberá resolver o caso proposto polo/a docente a partir do guión que este/a lle facilitará.
- Posteriormente, se tiver lugar unha discusión en grupo, debe preparar a súa intervención.

**Observacións**

Recoméndase esta metodoloxía para consolidar coñecementos de forma práctica

#### 4.C.1.4. Debate

**Descrición:**

Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha lección maxistral...

**Obxectivos:**

- Traballar e consolidar coñecementos.
- Poñer en dúbida os coñecementos propios.
- Desenvolver competencias e habilidades transversais.

Tarefas do/a docente:

- Seleccionar o tema, dinamizar o debate e avaliar o alumnado.

Tarefas do alumno/a:

- Busca, lectura, traballo de documentación e guión da intervención.
- Realización do debate e redacción dun informe da actividade con conclusións propias.

**Observacións**

Recoméndase esta metodoloxía para grupos reducidos de alumnos/as para que se fomente a participación.

#### 4.C.1.5. Seminario

**Descrición:**

Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas.

**Obxectivos:**

- Traballar, comunicar e consolidar coñecementos teórico-prácticos.
- Fomentar a interactividade entre o/a docente e o alumnado.

Tarefas do/a docente:

- Preparación da documentación para orientar no desenvolvemento das actividades.
- Dinamización da sesión.

Tarefas do alumno/a:

- Busca, lectura, traballo de documentación, e achegar esta documentación aos/ás demais participantes.
- Posteriormente, se fose necesario, debe preparar a súa intervención.

**Observacións**

Recoméndase esta metodoloxía para profundar o traballo do alumnado nun tema específico da materia

#### 4.C.1.6. Obradoiro

**Descrición:**

Actividade enfocada á adquisición de coñecementos procedimentais, habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor/a

ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os/as estudantes.

**Obxectivos:**

- Consolidar e aplicar coñecementos.
- Facilitar a adquisición de habilidades manipulativas e instrumentais.

**Tarefas do/a docente:**

- Elaborar e proporcionar un guiión ou indicacións para orientar no desenvolvemento das actividades.
- Asistencia específica ás actividades que desenvolven os estudantes e seguimento da evolución.

**Tarefas do alumno/a:**

- Realizar a actividade proposta (individualmente ou en grupo).

**Observacións**

Recoméndase o desenvolvemento desta metodoloxía nun espazo dotado con equipamento especializado e para grupos de tamaño reducido

#### 4.C.1.7. Prácticas con apoio das TICs

**Descrición:**

Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto determinado e de adquisición de habilidades básicas e procedementais en relación coa materia, a través das TIC.

**Obxectivos:**

- Facilitar a correlación entre a teoría e a práctica.
- Consolidar coñecementos.
- Utilizar programas e/ou recursos informáticos, tanto do ámbito profesional coma xenéricos.

**Tarefas do/a docente:**

- Elaborar e proporcionar un guiión para orientar a resolución do problema ou actividades.
- Realizar o seguimento e avaliación das actividades.

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización da actividade proposta polo profesorado.
- En función da propia actividade e do que solicite o profesorado: recoller e realizar o tratamento dos datos, analizar os resultados, redactar un informe ou memoria...

**Observacións**

Recoméndase o desenvolvemento desta metodoloxía nun espazo dotado con equipamento axeitado e para grupos reducidos

#### 4.C.1.8. Prácticas de laboratorio

**Descrición:**

Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais, relacionadas coa materia obxecto de estudo.

Exemplos: laboratorio químico ou de bioloxía, aulas de linguas, ximnasio...

**Obxectivos:**

- Facilitar a correlación entre a teoría e a práctica.
- Consolidar coñecementos.
- Facilitar a adquisición de destrezas e habilidades (manipulativas e instrumentais).

**Tarefas do/a docente:**

- Elaborar e proporcionar un guiión para orientar a resolución do problema ou actividades.
- Realizar o seguimento e avaliación das actividades.

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización da actividade proposta polo profesorado.

- En función da propia actividade e do que solicite o profesorado: recoller e realizar o tratamento dos datos, analizar os resultados, redactar un informe ou memoria...

#### **Observacións**

Recoméndase o desenvolvemento desta metodoloxía nun espazo dotado con equipamento axeitado e para grupos reducidos

### **4.C.1.9. Saídas de estudo**

#### **Descrición:**

Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo.

Exemplos: visitas a centros de investigación, laboratorios, museos, exposicións, institucións, empresas... de interese académico-profesional para o alumnado.

#### **Obxectivos:**

- Ver en funcionamento a teoría traballada nas aulas.
- Traballar un aspecto concreto da materia.
- Reflexionar sobre a práctica profesional.

#### **Tarefas do/a docente:**

- Elaborar un guión ou proporcionar pautas ou directrices para orientar o desenvolvemento das actividades.
- Realizar un seguimento das actividades e transmitirle as súas observacións ao alumnado unha vez finalizada.

#### **Tarefas do alumno/a:**

- Durante a actividade, o alumnado recollerá datos, realizará entrevistas persoais... en función da propia actividade e do que solicite o profesorado.
- Redactar un informe ou memoria da actividade.
- Pódese preparar unha presentación oral.

#### **Observacións**

No desenvolvemento desta metodoloxía pode haber restricións dependendo do lugar no que se realice.

### **4.C.1.10. Prácticas de campo**

#### **Descrición:**

Actividades que teñen como obxectivo estudar obxectos ou fenómenos da natureza, da produción ou da sociedade. O alumnado extrae da experiencia práctica un coñecemento da realidade social e humana que o marco teórico non pode dar.

#### **Obxectivos:**

- Recoller mostras e datos sobre a teoría.
- Analizar e aplicar coñecementos da materia.
- Achegarlle ao alumnado a novas realidades.

#### **Tarefas do/a docente:**

- Visitar o lugar antes de asistir co alumnado.
- Elaborar un guión ou proporcionar pautas ou directrices para orientar o desenvolvemento das actividades.
- Supervisión das actividades e transmitirle as súas observacións ao alumnado unha vez finalizada.

#### **Tarefas do alumno/a:**

- Durante a actividade, o alumnado recollerá datos, realizará entrevistas persoais... en función da propia actividade e do que solicite o profesorado.
- Redactar un informe ou memoria da actividade.
- Pódese preparar unha presentación oral.

#### **Observacións**

Recoméndase o desenvolvemento desta metodoloxía con grupos reducidos

#### 4.C.1.11. Prácticum, Prácticas externas e clínicas

##### **Descrición:**

O/A estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión, durante un período determinado, realizando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas.

Para o Prácticum, estas prácticas inclúense con carácter obrigatorio en estudos conducentes a determinadas profesións reguladas.

Para as prácticas clínicas estas prácticas desenvólvense nun contexto relacionado cunha profesión na área de Ciencias da Saúde

##### **Obxectivos:**

- Reflexionar sobre a práctica profesional.
- Poñer en práctica os coñecementos e habilidades nun ambiente profesional real.

##### **Tarefas do/a docente:**

- Poñer en contacto o alumnado coas empresas, institucións... para que poida realizar as prácticas.
- Realizar un seguimento das actividades e transmitirle as súas observacións ao alumnado unha vez finalizada.

##### **Tarefas do alumno/a:**

- Durante a actividade, o alumnado recollerá datos, realizará entrevistas persoais... en función da propia actividade e do que solicite o profesorado.
- Redactar un informe ou unha memoria das prácticas.

##### **Observacións**

O desenvolvemento desta metodoloxía realízase en instalacións externas á Universidade e no caso das prácticas clínicas se realizarán en institucións ou centros do ámbito da sanidade

#### 4.C.1.12. Simulación

##### **Descrición:**

O/A estudante desenvolve as actividades nas que se reproduce ou representa de xeito simplificado, destacando os aspectos máis importantes, unha situación, ou un proceso da vida real ou hipotético obxecto de estudo.

##### **Obxectivos:**

- Adquiren a aprendizaxe a través de decisións tomadas sen correr riscos asociados
- Potenciar a aprendizaxe baseado no saber e no saber facer
- Facer participes ao alumnado de experiencias ou situación que lles permita desenvolver destrezas ou hábitos

##### **Tarefas do/a docente:**

Presenta ao alumnado a dinámica da simulación e as súas regras, proporcionando toda a información necesaria e establecendo os obxectivos

Organizar os grupos e as tarefas ou roles que se desenvolverán.

Avalía e reflexiona sobre os resultados acadados

##### **Tarefas do alumno/a:**

Informase con toda a información proporcionada

Afronta a situación simulada

Valora a súa experiencia

##### **Observacións**

Esta metodoloxía realízase de forma grupal

## 4.C.2. Actividades prácticas autónomas

### 4.C.2.1. Estudio previo

#### Descrición:

Procura, lectura e traballo de documentación, previo ás clases ou prácticas de laboratorio, que realiza o alumnado de forma autónoma.

Exemplos: pode ser unha actividade teórica, a nivel de contidos da materia, ou práctica, como a resolución de problemas e/ou exercicios.

#### Obxectivos:

Aprender, asistir ás aulas cun mínimo de coñecementos da materia.

#### Tarefas do/a docente:

- Elaboración previa dunha guía ou cartafol para que o alumnado saiba o que debe preparar e traballar.

#### Tarefas do alumno/a:

- Procurar documentación.
- Ler a documentación facilitada polo/a docente e obtida polos seus propios medios, ou propoñer a resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na clase e/ou laboratorio...

#### Observacións

Esta actividade pode ser complementaria ao desenvolvemento doutra metodoloxía

### 4.C.2.2. Traballo tutelado

#### Descrición:

O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, realiza actividades, que poden ser:

- Traballos monográficos, procura de información en publicacións, bases de datos, artigos, libros... sobre un tema en concreto.
- Preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, conferencias etc.
- Recensións sobre artigos científicos de actualidade.
- Proxectos (deseñar e desenvolver proxectos).

#### Obxectivos:

- Adquirir e consolidar coñecementos
- Avaliar coñecementos.
- Desenvolver competencias e habilidades transversais.

#### Tarefas do/a docente:

- Determinar ou propoñer o tema de estudo.
- Realizar seguimento e avaliación do traballo, tanto durante o proceso coma do resultado final.

#### Tarefas do alumno/a:

- O alumnado realiza o traballo de forma autónoma a partir do guión proporcionado polo/a docente. Xeralmente a actividade autónoma do estudante inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
- O alumnado dispón de sesións de tutoría para facilitar o seguimento do seu traballo por parte do/a docente.

#### Observacións

Recomendase que o tamaño do grupo sexa coherente coa cantidade de traballo realizado

### 4.C.2.3. Resolución de problemas de forma autónoma

#### Descrición:

Actividade na que o alumnado analiza e resolve problemas e/ou exercicios relacionados coa materia de forma autónoma.

**Obxectivos:**

- Reflexionar e relacionar teoría e práctica.
- Introducir novos conceptos e integralos cos antigos.
- Consolidar coñecementos.

**Tarefas do/a docente:**

- Elaborar e proporcionar un cartafol cunha batería de problemas, cun guión que orienta a análise e centra os puntos de interese con vistas á posterior execución do traballo ou actividade.
- Corrixir e facer observacións ao alumnado sobre a actividade realizada.

**Tarefas do alumno/a:**

- Resolver o problema ou exercicio proposto polo/a docente a partir do guión facilitado.
- Aínda que as actividades se realizen de forma autónoma, o alumnado disporá en todo momento de sesións de tutoría para que o profesorado poida facer un seguimento da actividade.

**Observacións**

Recoméndase esta metodoloxía para que o alumnado adquira confianza e autonomía

#### 4.C.2.4. Foros de discusión

**Descrición:**

Actividade desenvolvida nun contorno virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade, relacionados co ámbito académico e/ou profesional.

**Obxectivos:**

- Traballar e consolidar coñecementos.
- Cuestionarse as opinións persoais.
- Desenvolver habilidades comunicativas.

**Tarefas do/a docente:**

- Seleccionar un tema de debate ou de estudo e propoñerllo ao alumnado.
- O/a docente debe motivar, dinamizar e moderar o foro.
- Ao concluír o foro, o/a docente elabora unhas conclusións.
- Nunha variante o/a docente delega sobre un/unha alumno/a tarefa de moderar o debate e a de elaborar as conclusións.

**Tarefas do alumno/a:**

- Buscar e ler información e levar a cabo un traballo de documentación antes da celebración do foro.
- Realizar achegas propias ao foro.
- Redactar un informe da actividade con conclusións propias.

**Observacións**

Pódense realizar de forma presencial, ou de forma virtual.

#### 4.D. Metodoloxías integradas

##### 4.D.1. Aprendizaxe colaborativa

**Descrición:**

Comprende un grupo de procedementos de ensino que parten da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.

**Obxectivos:**

- Mellorar nas competencias transversais interpersoais e intrapersoais.
- Fortalecer o compromiso cívico.
- Procurar aprendizaxes significativos.
- Valorar o traballo en equipo.

**Tarefas do/a docente:**

- Deseño de actividades que xeren:
  - Interdependencia positiva (o éxito de cada integrante depende dos demais membros).
  - Responsabilidade individual.
  - Frecuente interacción.
  - Potenciar as competencias transversais interpersoais e comunicacionais.
- Fomentar a responsabilidade.
- Motivar o alumnado.

**Tarefas do alumno/a:**

- Participar activamente.
- Axudar na aprendizaxe doutro alumnado.
- Xestionar os conflitos.

**Observacións**

Recoméndase a realización desta metodoloxía para grupos reducidos.

**4.D.2. Aprendizaxe baseada en proxectos****Descrición:**

Método no que os/as estudantes realizan un proxecto real, normalmente en grupos onde se lles valorará a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades.

**Obxectivos:**

- Potenciar a aprendizaxe en contextos reais.
- Mellorar as competencias transversais. Especialmente a creatividade, pensamento crítico, traballo en equipo e comunicación.
- Fomentar a aprendizaxe interconectada.

**Tarefas do/a docente:**

- Diseñar un proxecto real que lle permita ao alumnado afondar nas competencias

**Tarefas do alumno/a:**

- Preparar dúbidas etc.

**Observacións**

Recoméndase esta metodoloxía naquelas materias de contido práctico e para grupos reducidos onde se poida facer un seguimento do traballo.

**4.D.3. Cartafol/dossier****Descrición:**

Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros nunha área. A recompilación debe incluír contidos elixidos polo alumno/a, os criterios de selección e evidencias de autorreflexión.

**Obxectivos:**

- Subliñar o que o alumnado coñece de si mesmo e da materia.
- Afondar en competencias transversais: análise e síntese, toma de decisións, creatividade...
- Implicar o alumnado na súa aprendizaxe e avaliación.
- Destacar a importancia do desenvolvemento individual e intentar integrar os coñecementos previos na situación de aprendizaxe.

**Tarefas do/a docente:**

- Elaboración dunha guía para orientar o alumno/a no desenvolvemento do seu cartafol.
- Preparación dos materiais , actividades... sobre o que alumnado traballará.

**Tarefas do alumno/a:**

- Identificar que evidencias debe achegar
- Elaborar recursos en diferentes formatos para engadir ao cartafol.

- Reflexionar sobre o proceso.

#### **Observacións**

Recoméndase esta metodoloxía naquelas materias de contido práctico e para grupos reducidos. Existe a modalidade e-cartafol que é a recompilación nun blog

#### **4.D.4. Aprendizaxe-servizo**

##### **Descrición:**

Combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto articulado onde os/as participantes aprenden a traballar nas necesidades reais da contorna coa finalidade de melloralas.

##### **Obxectivos:**

- Aplicar o coñecemento a un contexto.
- Cubrir unha necesidade social real.
- Fortalecer o compromiso cívico.
- Consolidar aprendizaxe a través da experiencia.
- Reflexionar sobre a tarefa desenvolvida.

##### **Tarefas do/a docente:**

- Deseño dun proxecto que cubra unha necesidade social.
- Seguimento nas diferentes etapas do proxecto: investigación, planificación, acción, reflexión e difusión.
- Relacionarse coas entidades coas que colabora no proxecto.
- Asegurar que o traballo se faga en rede.

##### **Tarefas do alumno/a:**

- Participar activamente no proxecto.
- Dar un trato igualitario a todas as persoas que participan.
- Reflexionar sobre a tarefa.

#### **Observacións**

Recoméndase a realización desta metodoloxía para grupos reducidos.

#### **4.D.5. Metodoloxías baseadas na investigación**

##### **Descrición:**

Mellora o procesamento da información en dominios específicos recorrendo a actividades de investigación científica, tanto de forma individual como grupal.

##### **Obxectivos:**

- Afondar nun coñecemento específico.
- Mellorar nas competencias transversais instrumentais: capacidade de análise e síntese e capacidade de xestión da información.
- Compartir as conclusións das investigacións co resto do alumnado mediante un simposio...

##### **Tarefas do/a docente:**

- Definir as diferentes liñas de investigación.
- Preparar a bibliografía e recursos de consulta.
- Apoiar o alumnado ao longo do proceso.

##### **Tarefas do alumno/a:**

- Participar activamente.
- Elaborar unha investigación.
- Defender en público as conclusións acadadas.

#### **Observacións**

Recoméndase a realización desta metodoloxía para grupos reducidos.

#### 4.D.6. Design thinking

##### Descrición:

Potencia a innovación centrada nas persoas. Consiste na adquisición de coñecementos básicos sobre os usuarios/as dun produto, situación ou problema; no desenvolvemento de empatía co usuario/a para acadar unha solución a un problema que posúen; na construción de prototipos coas ideas máis axeitadas; e a aprender das reaccións dos usuarios/as ao interactuar co prototipo.

##### Obxectivos:

- Fomentar o liderado con empatía.
- Idear experimentos con consecuencias reais.
- Desenvolver prototipos.
- Comprobar a aceptación dos produtos xerados.

##### Tarefas do/a docente:

- Definir as diferentes liñas de investigación.
- Preparar a bibliografía e recursos de consulta.
- Apoiar o alumnado ao longo do proceso.

##### Tarefas do alumno/a:

- Participar activamente.
- Aprender a pensar criticamente.
- Traballar en equipo en busca dun fin común.

##### Observacións

Recoméndase a realización desta metodoloxía para grupos reducidos.

#### 4.D.7. Flipped Learning

##### Descrición:

As actividades de aprendizaxe realizaranse fora da aula, e coa presenza do docente se facilitará e potenciará outros procesos de adquisición e practica de coñecementos

##### Obxectivos:

- Aproveitar o tempo na aula para aplicar os conceptos e contidos adquiridos con anterioridade
- Promover a aprendizaxe activo que permita que o alumnado desenvolva o pensamento crítico e analítico.

##### Tarefas do/a docente:

- Preparar o material docente .
- Revisar e orientar ao alumnado na aplicación dos conceptos e contidos na aula .

##### Tarefas do alumno/a:

- Visualizar o material docente e traballar sobre el, fora da clase previamente a impartición da docencia na aula
- Indicar as dúbidas e dificultades atopadas tras a visualización do material docente
- Realizar actividades propostas a partir do material achegado.

##### Observacións

Esta metodoloxía pode ser considerada como un modelo de aprendizaxe, que pode ser empregada xunto con outras metodoloxías docentes.

#### 4.D.8. Gamificación

##### Descrición:

A aplicación de mecánicas propias dos xogos para as súas aplicacións nos procesos de aprendizaxe nun entorno lúdico que propicia a motivación, implicación e diversión.

##### Obxectivos:

- Permitir realizar unha aprendizaxe e unha mellora das habilidades de xeito máis rápido

- Motivar ao alumnado mediante recompensas
- Fomentar o traballo en equipo

**Tarefas do/a docente:**

- Preparar as actividades de forma máis atractivas e retadoras
- Guiar ao alumnado durante o traxecto que son xogadores/as
- Avaliar as evidencias obtidas neste traxecto

**Tarefas do alumno/a:**

- Realizar as actividades propostas e as probas de avaliación
- Modalidade:

**Observacións**

Esta metodoloxía pode ser considerada como un modelo de aprendizaxe que pode ser empregada xunto con outras metodoloxías.

## 5.- Definición dos sistemas de avaliación

### 5.A. Probas Específicas

#### 5.A.1. Exame de preguntas obxectivas

**Descrición:**

Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.

O exame de preguntas obxectiva so avalía coñecementos. Non avalía nin habilidades nin actitudes.

**Obxectivos:**

Avaliar fundamentalmente as habilidades de coñecemento, comprensión e aplicación.

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación das actividades de avaliación e dos criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización do exame.

**Observacións**

A realización da proba pode ser de xeito presencial ou non presencial.

#### 5.A.2. Exame de preguntas de desenvolvemento

**Descrición:**

Probas que avalían que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos/as deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada.

O exame de preguntas de desenvolvemento avalía coñecementos e habilidades, mais non actitudes.

**Obxectivos:**

- Avaliar fundamentalmente as habilidades de análises, sínteses e avaliación.

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación das actividades de avaliación e dos criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización das probas e actividades de avaliación.

**Observacións**

Recoméndase a esta técnica para a avaliación teórica de contidos

#### 5.A.3. Exame oral

**Descrición:**

Proba ou test que avalía a capacidade de estudo do alumnado. Pode haber preguntas de corrección obxectivas e de desenvolvemento.

**Obxectivos:**

- Avaliar todas as habilidades: Comprensión, aplicación, análise, síntese e avaliación, así como actitudes

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación das actividades de avaliación e dos criterios ou indicadores de avaliación.
- Realización do exame oral xunto co alumnado.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización do exame oral.

**Observacións**

A realización da proba debe ser guiada e pode ser de natureza teórica e ou practica

**5.A.4. Resolución de problemas e/ou exercicios****Descrición:**

Proba na que o/a alumno/a debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor/a. Deste xeito, o alumnado debe aplicar os coñecementos que adquiriu.

Pódense empregar diferentes ferramentas para aplicar esta técnica como, por exemplo, chat, correo, foro, audioconferencia, videoconferencia etc.

A resolución de problemas avalía coñecementos e habilidades, mais non actitudes.

**Obxectivos:**

- Avaliar as habilidades de análise, síntese e avaliación.

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación dos problemas e/ou exercicios e os criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión dos problemas e /ou exercicios.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización dos problemas e /ou exercicios.

**Observacións**

A aplicación desta técnica pode ser presencial e non presencial e de natureza práctica.

**5.A.5. Estudo de casos****Descrición:**

Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

**Obxectivos:**

- Avaliar as habilidades de análise e síntese, coñecementos e actitudes

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación dos casos de estudo e dos criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión dos casos e probas de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización do estudo dos casos.

**Observacións**

Recoméndase que o desenvolvemento da proba sexa guiado, e de natureza práctica.

## 5.B. Prácticas de execución de tarefas reais ou simulacións

### 5.B.1. Práctica de laboratorio

**Descrición:**

Tipo de avaliación que se basea na aplicación dos fundamentos teóricos da materia.

**Obxectivos:**

Avaliar habilidades de aplicación, análise e síntese e coñecementos.

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación das prácticas e os criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Desenvolver as prácticas.
- Analizar os resultados da práctica.
- Arribar conclusións.

**Observacións**

Recoméndase que o desenvolvemento da avaliación sexa guiada nun laboratorio e para grupos reducidos (medianos ou reducidos)

### 5.B.2. Simulacións e Role Playing

**Descrición:**

Tipo de avaliación que se basea na dramatización de situacións que se poden producir na realidade.

**Obxectivos:**

Avaliar habilidades de aplicación, destrezas, habilidades e actitudes.

**Tarefas do/a docente:**

- Elixir e deseñar a actividade de avaliación.
- Revisión do desempeño do alumnado: cognitivo, subxectivo e psicomotor. Pódese empregar como instrumento a rúbrica.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Preparar e desenvolver a simulación.
- Analizar e xustificar as posturas desenvolvidas na dramatización.
- Pode ter que repetir a tarefa inserindo as rectificacións do profesorado.

**Observacións**

Recoméndase para grupos medianos ou pequenos, e que o desenvolvemento das dramatizacións sexan guiadas.

## 5.C. Análise das producións do alumnado

### 5.C.1. Traballo

**Descrición:**

É un texto elaborado de un tema e debe redactarse seguindo unhas normas establecidas de estilo e lonxitude.

**Obxectivos:**

Avaliar as habilidades de análise, síntese e avaliación, coñecementos e, en menor medida, actitudes

**Tarefas do/a docente:**

- Planificar o traballo, os temas, e os criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión do traballo.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización do traballo.

**Observacións**

Este sistema de avaliación pódese complementar coa presentación e defensa do mesmo.

Neste sistema de avaliación pódense incluír os traballos de fin de grao e máster.

## 5.C.2. Informe de prácticum, prácticas e prácticas externas

**Descrición:**

Elaboración dun informe por parte do/a alumno/a no que se reflicten as características do traballo levado a cabo. Os alumnos/as deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, mostrar os resultados obtidos ou observacións realizadas, así como a análise e tratamento de datos.

No caso que sexan prácticas externas o informe describirá as tarefas e funcións desenvolvidas nunha empresa, institución pública ou centro de investigación. Tamén se recollen nesta modalidade os informes de Prácticum.

**Obxectivos:**

Avaliar as habilidades de análise, síntese e avaliación, coñecementos e actitudes

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación das prácticas e os criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión dos informes.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización do informe.

**Observacións**

Na realización do informe pode ser guiada polo/a docente.

## 5.C.3. Proxecto

**Descrición:**

Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos/as, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.

**Obxectivos:**

Avaliar as habilidades de análise, síntese e avaliación, coñecementos e actitudes

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación dos proxectos e os criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización das diferentes actividades do proxecto.

**Observacións**

Na realización do traballo pode ser guiada polo/a docente. É conveniente realizalo en grupo, aínda que pode ser individual.

Este sistema de avaliación pódese complementar coa presentación e defensa do mesmo.

#### 5.C.4. Cartafol/dossier

**Descrición:**

Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros nunha área. A recompilación debe incluír contidos elixidos polo alumno/a, os criterios de selección e evidencias de autorreflexión.

**Obxectivos:**

Avaliar as habilidades de análise, síntese e avaliación, coñecementos, e actitudes

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación das actividades de avaliación e dos criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización de traballos
- Recompilación dos traballos

**Observacións**

Recoméndase a súa utilización para grupos medianos e pequenos.

#### 5.D. Intercambios Oraís

##### 5.D.1. Presentación

**Descrición:**

Exposición por parte dun grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. Na presentación avalíanse coñecementos, habilidades e actitudes.

**Obxectivos:**

- Avaliar as habilidades de pensamento superior (análise e síntese).

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación dos temas que se tratarán e os criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización da presentación

**Observacións**

É conveniente realizar esta proba de avaliación en grupos reducidos ou de forma individual para poder avaliar a todo o alumnado correctamente e realizala de forma guiada.

##### 5.D.2. Debate

**Descrición:**

Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...

No debate avalíanse coñecementos, habilidades e actitudes.

**Obxectivos:**

Avaliar as habilidades de análise, síntese e avaliación, e tamén coñecementos e actitudes.

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación do desenvolvemento dos debates e os criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización do debate.

**Observacións**

Recoméndase a súa utilización para grupos pequenos e realizar a avaliación sobre contidos prácticos

## 5.E. Autoavaliación

### 5.E.1. Autoavaliación

**Descrición:**

Balace reflexivo e persoal do propio proceso de aprendizaxe no que se inclúe a perspectiva do alumno/a respecto da proposta de actividades, materiais e orientación do curso.

A valoración persoal do/a participante achega á autorregulación do proceso de aprendizaxe persoal, na medida en que colabora para profundar, corrixir ou cambiar a dinámica individual e grupal da aprendizaxe.

**Obxectivos:**

Avaliar as habilidades de análise, síntese e avaliación, e tamén coñecementos e actitudes.

**Tarefas do/a docente:**

- Preparación das actividades de avaliación e dos criterios ou indicadores de avaliación.
- Revisión das probas e actividades de avaliación.
- Comunicación dos resultados (publicación de notas e datos e/ou procedemento de revisión).

**Tarefas do alumno/a:**

- Realización da autoavaliación.

**Observacións**

Este sistema realízase de forma autónoma por parte do alumnado.

## 5.F. Observación Sistemática

### 5.F.1. Observación sistemática

**Descrición:**

Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. É posible valorar aprendizaxes e accións e como se levan a cabo valorando a orde, precisión, a destreza, eficacia, a participación activa...

É un dos recursos máis valiosos cos que conta o profesorado para recoller información de maneira grupal ou persoal dentro ou fóra da aula. Emprégase de xeito intencional.

**Obxectivos:**

Avaliar as habilidades de análise, síntese e avaliación, e tamén pódese avaliar aprendizaxes, accións e actitudes.

**Tarefas do/a docente:**

- Elaboración dunha listaxe de aspectos a avaliar.
- Observación do alumnado.

**Tarefas do alumno/a:**

Realización das probas e actividades de avaliación.

**Observacións**

Recoméndase usarse en grupos reducidos xa que o número de alumnado é menor e no desenvolvemento de actividades de natureza práctica, e tamén realizarse de forma guiada.

## 6.-Glosario de termos:

- **Actividade formativa:** tarefas que o alumnado debe realizar para acadar os resultados de aprendizaxe e competencias.
- **Avaliación:** proceso sistemático e continuo mediante o cal se determina o grao en que se acadaron os resultados de aprendizaxe.
- **Competencia:** capacidade dun bo desempeño en contextos complexos e auténticos. Baséase na integración e activación de coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes e valores.

É multidimensional e inclúe distintos niveis como saber (datos, conceptos e coñecementos), saber facer (habilidades, destrezas e métodos de actuación), saber ser (actitudes e valores que guían o comportamento) e saber estar (capacidade relacionada coa comunicación interpersoal e o traballo colaborativo)

O número de competencias que se traballen por materia debería ser axeitado ao plan de estudos, ao número de créditos, ao número de horas asignadas na PDA e ao traballo autónomo do alumnado. Polo tanto, en principio, é aconsellable que unha materia non supere as 8 competencias.

Tipos:

- **Básicas:** comúns a todos os títulos do mesmo nivel MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior) e establecidas por RD 861/2010 de maneira diferenciada para os títulos de grao e mestrado.
  - **Xerais:** comúns a todos os títulos dunha universidade pero adaptadas ao contexto específico de cada un.
  - **Específicas:** son propias dun ámbito ou titulación e están orientadas á consecución dun perfil específico de egresado/a.
  - **Transversais:** son comúns a todo o estudiantado dunha mesma universidade, independentemente da titulación que curse.
- **Cualificación profesional:** capacidade para o acceso a unha determinada profesión, ou ao seu exercicio, que vén acreditada oficialmente por un título de formación, por un certificado de competencias, por unha experiencia profesional formalmente recoñecida, ou ben polo concurso de máis dunha de tales circunstancias. (RD 1837/2008).
  - **Metodoloxía:** conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos formulados.
  - **Profesión regulada:** actividade ou conxunto de actividades profesionais para cuxo acceso, exercicio ou modalidade de exercicio se esixa, de maneira directa ou indirecta, estar en posesión de determinadas cualificacións profesionais, en virtude de disposicións legais, regulamentarias ou administrativas. (RD 1837/2008).

# Anexos

## ANEXO I: RESULTADOS DE APRENDIZAXE – Taxonomía de Bloom

### PLANO COGNITIVO

Coñecemento	Comprensión	Aplicación	Análise	Síntese	Avaliación
-					+
O alumnado lembra e memoriza a información, sen necesariamente comprendela.	O alumnado entende a información.	O alumnado emprega o aprendido en novas situacións, é dicir, resolve problemas manexando as ideas e os conceptos aprendidos.	O alumnado é quen de distinguir e separar a información aprendida en principios ou elementos, buscando interrelacións.	O alumnado pode xerar algo novo mediante a suma e o compendio das partes e a súa análise.	O alumnado pode emitir xuízos estimando, apreciando e calculando o valor de algo.
Amosar, atopar, citar, definir, dicir, describir, duplicar, enumerar, enunciar, examinar, identificar, lembrar, listar, nomear, ordenar, organizar, presentar, recompilar, relatar, repetir, reproducir, resumir, tabular...	Asociar, cambiar, clarificar, construír, contrastar, converter, deducir, deducir, defender, descodificar, describir, diferenciar, discriminar, discutir, distinguir, estimar, explicar, expresar, estender, xeneralizar, identificar, ilustrar, indicar, informar, interpretar, modificar, parafrasear, predicir, recoñecer, reescribir, resolver, revisar, seleccionar, situar, traducir...	Amosar, adaptar, aplicar, bosquejar, calcular, cambiar, completar, computar, construír, desenvolver, descubrir, elixir, empregar, encontrar, examinar, experimentar, ilustrar, interpretar, manipular, modificar, operar, organizar, practicar, predicir, preparar, producir, programar, relatar, seleccionar, solucionar, transferir, empregar, valorar...	Analizar, calcular, categorizar, clasificar, calcular, comparar, conectar, contrastar, criticar, cuestionar, debater, deducir, desglosar, determinar, diferenciar, discriminar, distinguir, dividir, subdividir, examinar, experimentar, identificar, ilustrar, inferir, inspeccionar, investigar, amosar, ordenar, organizar, relatar, resumir, reunir, separar, testar, valorar...	Argumentar, categorizar, combinar, compilar, compoñer, construír, xerar, desenvolver, deseñar, discutir, establecer, formular, xeneralizar, xerar, facer, instalar, integrar, inventar, manexar, modificar, organizar, orixinar, planificar, preparar, propoñer, reconstruír, recompilar, reescribir, relatar, reordenar, reorganizar, reunir, revisar, sintetizar, trazar...	Achegar, apoiar, apreciar, argumentar, comparar, concluír, contrastar, convencer, corrixir, criticar, decidir, defender, determinar, discriminar, elixir, estimar, estipular, avaliar, explicar, interpretar, xustificar, vulgar, medir, predicir, puntuar, recomendar, relatar, resolver, resumir, revisar, validar, valorar...
Enumera as enerxías renovables no medio forestal. Describe a organización e funcións da empresa.	Parafrasear os problemas da concepción estrutural, de construción e de enxeñaría vinculados cos proxectos de edificio. Explicar os procesos de comunicación na empresa.	Amosar o manexo os métodos numéricos pertinentes para resolver determinados problemas. Aplicar os coñecementos bioquímicos ao ollo e procesos de visión.	Reunir a información pertinente sobre o determinado terreo. Extraer a información relevante das sentencias do Tribunal Constitucional.	Planificar obras superficiais e subterráneas. Formular solucións ecolóxicas aos tratamentos de residuos estudados.	Determinar o prognóstico dos trastornos da comunicación. Interpretar as fontes históricas relevantes para a histórica económica da ideade moderna.
<i>Lower-Order Thinking Skills (LOTS)</i>			<i>Higher-Order Thinking Skills (HOTS)</i>		

## ANEXO II: COMPETENCIAS XERAIS

---

### **INSTRUMENTAIS**

Son ferramentas para o desenvolvemento dunha profesión eficaz

- Capacidade de análise e síntese.
- Coñecemento xeral básico.
- Afondamento no coñecemento básico da profesión.
- Capacidade de organización e planificación.
- Resolución de problemas.
- Toma de decisións.
- Comunicación oral e escrita na propia lingua.
- Coñecemento dunha ou máis linguas estranxeiras.
- Capacidade de xestión da información (capacidade para recuperar e analizar a información de diversas fontes).
- Habilidades básicas informáticas.
- Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo.

---

### **INTERPERSOAIS**

Refírense á interacción social e cooperación da persoa titulada co seu ámbito social: capacidade de exteriorizar os seus propios sentimentos, habilidade crítica e autocrítica.

- Traballo en equipo.
- Traballo en equipo multidisciplinar.
- Capacidade para traballar nun contexto internacional.
- Capacidade para comunicarse con persoas expertas doutros campos.
- Habilidades nas relación interpersoais.
- Razoamento crítico.
- Compromiso ético.
- Capacidade de crítica e autocrítica.
- Apreciación da diversidade e multiculturalidade.

---

### **SISTÉMICAS**

Capacidades ou habilidades de visión ou análise de realidades totais e multidimensionais.

- Capacidade para aplicar o coñecemento na práctica.
- Capacidade de aprendizaxe (adquirir experiencia).
- Aprendizaxe autónoma.
- Adaptación a novas situación.
- Liderado.
- Coñecemento doutras culturas e costumes.
- Iniciativa e espírito emprendedor.
- Motivación pola calidade.
- Sensibilidade cara temas medioambientais.
- Habilidades de investigación.
- Capacidade para xerar novas ideas (creatividade).
- Deseño e xestión de proxectos.

Elaboración a partir do Proxecto Tuning (2008)